

A COMISIÓN DE FESTAS DE CÉLTIGOS E A AGRUPACIÓN CULTURAL "CHORIMA" INVÍTANVOS Á "1ª XIRA DA CULTURA POPULAR GALEGA" QUE TERÁ LUGAR O DOMINGO 14 MAIO 1978 NA PRAIA DO BIMBIEIRO (Céltigos) a partir das 4 da tardiña.

### P R O G R A M A

- . SARDINADA . CERÁMICA POPULAR . LIBRO GALEGO
- . ARTESANÍAS POPULARES

- . 4 HORAS DE MÚSICA, CANCIÓN E POESÍA COS:

ARRABALDO / VERBAS XEITOSAS e máis SUSO VAMONDE /

ANDAINA / AGRA / SUSO / BERNARDINO GRANA

CARLOS CASÁS e o acompañamento XAVIER GARELL e

MANOLO GALCERÁN

FRANCISCO XOSÉ / PABLO QUINTANA

Istes son os datos que nos remesaron os participantes das

" 4 HORAS DE MÚSICA, CANCIÓN E POESÍA":

1. ARRABALDO -canción popular galega. Creado en Cariño, 1977.

- . Xiño Cabarcos, voz, percusión galega. Nacéu en Cariño, participóu xunto con Manolo Galcerán no "1º Festival da Canción Galega no Ortegal", Mera-1976.

- . Manolo Galcerán, guitarra, laúde, flauta, voz. Nacéu en Cariño, participóu con Xiño no "Festival da Canción Misioneira" (1976). Acompaña eventualmente a Carlos Casás.

- . Xico Peña, armónica, percusión, voz. Nacéu en Cariño. 1º Premio Solistas Instrumentaes no "Camino de la fama" / (O Ferrol, 1958). Formóu parte dos seguintes grupos: Trio de armónicas "OS MEIGOS" (Santiago, 1967); grupo brasileiro "BENVIRÁ" formado polo cantautor Geraldo Vandré e o guitarrista Marcelo Melo -hoxe no "Quinteto Violado" / (París, 1969-70). Disco L.P. en rexistrado: "A paixão brasileira" Ed. Le Chant du monde. París; músico de estudo na casa Philips (París, 1971); músico da cantante catalán / Marina Rosell (Barcelona, 1973); "Bem-Virá" (Santiago, 1975-76); "Roi Xordo" (Santiago, 1976).

- . Lois Armada, guitarra. Iníciase na música con Arrabaldo. Nacéu na Pedra (Cariño)

### COPLAS POPULARES

Vinde vindo, vinde xa  
emigrantes de Galicia  
que a nosa Terra oprimida  
a todos vos necesita.

A nosa Terra necesita  
unha industria racional  
e non isas porcalladas  
que nos van contaminar.

As industrias que queremos  
darán traballo e sustento,  
aquelas que monta o rico  
soio a él dan o proveito.

O neno galego ten  
duas tristes condicións:  
de neno un ensino alleo  
e de mozo a emigración.

Probe da muller galega  
leva o peso do traballo,  
namentras que os seus dereitos  
aínda non son pra iste ano.

Subiron taxas e impostos,  
tamén a alimentación,  
o rico sigue folgado  
e paga o traballador.

Predicar autonomía  
non resolve a cuestión,  
loitemos todos unidos  
e autodeterminación.

Celulosas, nucleares  
e Autopista non queremos;  
industrias irrationaes  
lévécas todas o demo.

(Letras e músicas: Xico Peña-  
Arrabaldo)

## GALEGO EMIGRANTE

Probe do galego/que fuxe da terra  
buscando a fartura/dunha patria a-  
llea.

Ninguén o entende,/ninguén o apre-  
cia,/fica coa morriña/de voltar prá  
aldea.

Xa xuntóu os cartos  
prá sua casaña  
e agora só pensa  
en voltar axiña.

Xa vai para vello,  
non volta ó seu lare;  
aínda está agardando  
para mellorare.

Tivo boa morte/aquel probe vello;  
nunca tivo folgos/prá dar co reme-  
dio.

O remedio é noso,  
nosa é a vontade:  
traballar Galicia  
para mellorare.

E dise traballo/ levar o proveito  
sin deixar que rouben/os nosos derei-  
tos.

Os nosos dereitos  
dista boa Terra  
querémolos todos:  
a nosa Terra é nosa.

## 2. PABLO QUINTANA, canción popular galega.

Nacéu en Vilanova de Oseos (Oviedo), a 36 Km de Ribadeo. Estudóu en Lugo onde ós 16 anos escomezou a cantar cara á xente nun grupo de canción galega chamado "AS NOCES". Dende os 17 anos canta soio, acompañándose da guitarra e percorrendo Galicia.

Recolle i estuda a canción popular no pobo, que canta nos seus recitáis coa pureza con que foi recollida.

### A PALMEIRA (popular)

Palmeira, miña Palmeira  
Palmeira qué triste estás  
no baile de ayer á noite  
quedáche sin o rapaz;  
quedáche sin o rapaz  
quedáche sin o querer  
Palmeira, miña Palmeira  
non o voltarás a ver.

A Palmeira fixo un traxe  
pensando que se casaba;  
fixo ún e fixo dous  
i a Palmeira está onde estaba.

Retrouso: Palmeira, miña...

A Palmeira fixo un traxe  
de follas de castiñeiro,  
pensando que se casaba  
co Joselín de Robledo.

NON HAI LEIROS (P. Quintana)

Non hai leiros nin hai eiros,  
non hai hortos pra labrar,  
non hai fontes nin hai pontes,  
non hai chan onde pisar.

Non hai auga da corrente  
toda a xente non ten pan  
nin diñeiro nin esperanza  
luz eléctrica non hai.

No estranxeiro están os homes  
que levóu a emigración  
i en Galicia soio quedan  
orfos i orfas a montón.

Hai cativos saltareiros  
nos lindeiros do sofrer,  
son sixelos e piquenos  
son os nenos que hai eiquí.

Olla irmao meu ista sorte  
i olla a morte noutro ollar  
e dime logo irmau paria  
se non fai falla loitar.

-----  
3. CARLOS CASÁS, canción popular

Nacéu en Ledoño-Culleredo (A/  
Cruña). Comezou a cantar ós 6 a-  
nos no coro da eirexa e iniciou-  
se na canción galega no 1977.  
No VII Festival "Ria de Ares" de  
Canción Galega levóu o premio á  
mellor interpretación.

O seu acompañante habitual coa  
guitarra é

XAVIER GARELL, nacéu en S. Fiz /  
(Chantada). No 1976 iniciouse pú-  
blicamente coa mandolina na "A-  
grupación Albéniz" da Cruña-de-/  
pulso e pua.

MANOLO GALCERÁN (Ver "Arrabaldo")

O FERMOZO ROSTRO DO PAIS

A miña terra é doce coma o mel  
abondosos e gasalleiros  
os seus froitos,  
na primaveira agroman os touzales  
e o cuco canta,  
xermola a natureza  
baixo a codia fecunda das lembranzas

EN CORSO (Curros Enriquez/Carlo  
Casás)

Mariñeiros da marola  
de illas Cies e de Orzán  
remendade ben as velas  
dáille sebo ás cordas xa  
Reparade as vellas redes,  
os coitelo afiái

i aprestáivos, mariñeiros,  
pola patria a mariñar.

-Dende o norde americano  
chega a España occidental,  
de ignominias e de aldraxes  
unha negra tempestad  
e nas olas que levanta  
i en Galicia van parar  
cuspos flotan de desprecio  
para vos e vosa nai.

-Mariñeiros da marola  
de illas Cies e de Orzán  
non seredes mariñeiros  
si tenedes hoxe ó mar;  
unha forza en cada v. rga,  
na cintura un bon puñal,  
no timón un brazo forte  
i a bogar, bogar, bogar.

-Mariñeiros da marola  
de illas Cies e de Orzán  
grande pesca vos agarda  
si sabedes ben pescar,  
unha lancha de centolas  
vintecinco pesos val,  
un cargamento de iankis  
valvos a inmortalidá..

-----  
Continuación de "O FERMOZO..."

alédanse os boscos  
i as noites son infindas i estreladas.  
Si, a miña terra é doce coma o mel  
pro, a carón de tanta fermosura  
a miseria labroulle  
un tunel amarguísimo na hestoria.

(Letra: Celso E. Ferreiro/  
Música: Carlos Casás)

-----  
X

4. ANDAINA - cantiga medieval galega. A Cruña, 1977.

- . Uxía, voz e guitarra. Nacéu na Cruña.
- . Franco, percusión. Nacéu na Cruña.
- . Xosé Ramón, arpa cromática, guitarra e voz. Nacéu en Xuño (Porto do Son).
- . Elías, guitarra, flauta e arpa cromática.

MONÓLOGO MARINEIRO

Baixo o voo da gaivota  
xoguete do vento mareiro  
baixo o lóstrego e a choiva  
fillos do ceo infindo  
navega o mar sen leme, na gamela da morte  
arrastrando aos seus bonecos  
feitos por unha soia man  
benzoados pola mesma auga  
e curtidos polo vento do norde.

ERA NOITE DE LUARADA (Xosé Ramón-Andaina)

Era noite de luarada / era noite de trasnoitar  
cando abréu a fenestra / oeu o canto do galo  
dos muiños o seu moer; / rematou a noite pequena  
e chegou escuro mencer.

Baixou logo á porta / e veu pasa-los carros,  
viñan todos valeiros / oeu o ruxir do eixo,  
veu as terras a eito / ¿é que xa non hai labregos?

Foi á beira do mar / veu as redes na area  
xa non ten gamela o mariñeiro  
ou é que o peixe xa non ten cadeas.

Non se toca o pandeiro nas tabernas,  
non hai foliadas nas noites de festa,  
cecáis non queden homes ledos  
que den ledicia a tanta pena.  
¿I agora quén me ensina o camiño  
nista longa noite de brétema?

Non se oe o moer dos muiños  
nin se oe o canto do galo na capoeira  
i eu aínda ando perdido no camiño  
mentras non haxa un novo mencer  
que poña azul o ceo da Nosa Terra.

5. SUSO - acordeón. Vive na Cruña e toca decotío polas noitiñas nunha tasca das ruas coruñesas "dos viños". Participou/ no "Festival da Canción Galega de Santa Margarita" (A / Cruña, 1976)

6. AGRA - música jazz-rock. A Cruña, 1977.

- . Cesar Carlos Morán: órgano e piano eléctrico.
- . Daniel Val: baixo
- . Pablo Morán: guitarra rítmica e solista
- . Humberto Morán: batería

A presente formación ten 7 meses de andadura, pero "AGRA" xa existe dende casi un ano e medio. Nisto tempo pasou por dúas formacións denantes da actual. Cada ún dos membros ten as súas experiencias, tanto individual como conxuntamente, dende hai varios anos / en grupos como "Plancton", "Saga-Turma", "Vanguardia", ...

En canto ó tipo de música... atópasele influencias do jazz, / rock sinfónico, folklore e salsa.

Toda-las composicións son propias.

Participou na "Festa dos Parados" (A Cruña, 1977), xunto con Carlos Casás, "Arrabaldo"... , "6 horas de rock" (A Cruña, 1978), "Xuntanza Musical Galega da Cruña" (1977), etc.

7.8. VERBAS XEITOSAS. SUSO VAAMONDE.

Ó longo de moitos anos VERBAS XEITOSAS e SUSO V. cantaban cada ún pola súa banda. Hoxe cantan xuntos. Isto non quere decir que sexan unha soa entidade; siguen sendo dúas entidades que pretenden, traballando conxuntamente, espallar a cultura galega.

Uns i outros traballan a cantiga popular, elixen poemas dos nosos poetas e pónenlles música. Fan tamén os seus propios poemas e hastra, ás veces, lémbrense de que en Galicia tamén hai nenos i en tón, pensan neles e fanlles a súa música...

Nos derradeiros tempos, tanto SUSO como VERBAS, viron plasmadas as súas cantigas nuns discos de longa duración. Nos tempos vindeiros pretenden que ise traballo discográfico se faga tamén en conxunto e niso están...

NON CALEDES MARIÑEIRO

Gaivotas namoradoras  
vinde aniñar ó meu lar  
que a escuma que vai nas olas  
leva un veneno mortal.

Non caledes mariñeiros  
berrade si hai que berrar  
que o voso facho non pode  
por intereses noxentos  
deixar de alumar.

O mar é sempre  
do que o traballa;  
o mar é voso,  
non hai que deixar  
que a vosa vida  
morra por verse catro  
vendidos con capital.

Axiña xuntos os remos  
todos pra ún a remar,  
que estando xuntos á loita  
é máis fácil de gañar.

Todo no porto disposto  
as dornas aló se van,  
vai a vida nun suspiro  
vai a loita nunha man.

(Verbas Xeitasas)

CANTO NO EIDO DA MORTE

Baixo o sol, compañeiro interminabel,  
morre o berce que un día maméi,  
sofre a choiva o sentir  
que non é o sopra  
que fai bulir baixo o pe  
unha frol.

Continuación "CANTO NO EIDO..." co corazón che falo

Morre o labrego  
meu irmau, meu pai,  
meu abó morréu  
cada dia, cada hora,  
cada anaco de segundo que se vai  
morre o labrego.

Morre probe e soio  
co corpo conesto  
por o verme capital  
de algún fillo de ninguén  
e o seu senso sin saber  
pra quen ollar;  
morre, vendido de esprito e corpo,  
morre. (Verbas Xeitosas)

O CUCO (Manoel María/Suso V.)

O cuco, cuco, cuqueiro,  
o cuco, cuco, cucón  
madrugón e cantareiro,  
cantareiro e madrugón.

Óise pola carballeira  
ó vello cuco souril  
ó nacer a primavera  
entre o marzo e o abril.

O vello cuco cucóu  
e moito máis cucará,  
o cucó non me capóu  
e nunca me capará.

Polas mañás ben cediño  
o cuco canta cucú  
como o teño de veciño  
eu trato ó cuco de tú.

DERRADEIRA VONTADE DE FUCO BUXÁN

Detrás de cada home  
está ouveando un lobo  
un lobo que te come  
e ten comesto ó pobo.

Canto pode perderse  
telo xa ben perdido  
pro non hai que perderse  
nin rosar un laido.

Canto pode chorarse  
telo xa ben chorado  
pro non hai que calarse  
nin sentirse abafado.

Podes todo ganalo  
si despertas e loitas

galego que me escoitas.

A tua hora é esta  
colle a fouce meu pobo  
ergue a testa, protesta  
e denpois mata ó lobo.

(Celso E. Ferreiro/Suso Vaanonde)

9. FRANCISCO XOSÉ -canción popular.  
Nacéu no Penedo (Barallobre) e foi  
o fundador do grupo músico-vocal  
"OS SEGRELES" de Barallabre.

10. BERNARDINO GRAÑA -poeta. Nacéu  
en Cangas do Morrazo. Escritor e ca  
deirádego de Lingua e Literatura en  
Padrón. Publicacións:

POESIA: "Poema do Home que quixo vi-  
vir" (1958), "Profecía do mar" (1966),  
"Non vexo Vigo nin Cangas" (1975).

NARRATIVA: "O león e o paxaro rebelde"  
(1969); "Fins do mundo" (1974)

TEATRO: "Vinte mil pesos crime" (1962)  
"Sinfareinin contra don Perfeuto"  
(1975).

✓ PREGUNTO OS HOMES E MULLERES DO NOSO  
MAR (Bernardino Graña)

Mariñeiros de Viveiro, Fisterra, Caión  
Malpica, Pontevedra, A Cruña, Noia, Muxía  
pescadores e peixeiras, mariscadoras  
das rias/¿de quen son os areeiros i  
os cóns e faros e as illas?

¿De quen son brisas e gaviotas,  
a escuma que vos salpica,  
as ondas fortes trullando  
e acobexando as sardiñas?

¿De quen o verdello, a arca,  
os laños, as ardentías  
i as nécoras e centolas  
e rodaballos e ninchas  
sinon do que no seu rostro  
sinte do mar xerfa e tinta,  
quén fire as mans nos mariscos  
en remos sales, espíños  
pugas, naromas ou lemes,  
quén se molla na auga fría,  
cuida nasas, barcos, pesca  
con redes, con liña ou fisga  
e pasa as noites ó axexo.

NOTA: Nistè intre estamos tratando de con-  
querir a actuación de CARLOS "O XESTAL",  
popular humorista.